

O Cambio Climático

SOURCE: MARÍA ROSA MOSQUERA LOSADA (2023). Nós Diario <https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/o-cambio-climatico/20230323161759165015.html>

Universidade de Santiago de Compostela

O Clima de Galicia Un Encontro entre Atlántico e Mediterráneo

Galicia atópase nunha área de transición climática entre o clima Atlántico cun menor contraste de temperaturas diario e maior precipitación e o Clima Mediterráneo con menores precipitacións, maiores variacións de temperaturas no día e temperaturas mais extremas. O primeiro caso separa claramente a zona costeira galega da zona de interior ourensá, atopándose no medio a zona de transición, cuxos réximes pluviométricos e de temperatura son se cabe aínda mais incertos.

A vexetación galega responde como non pode ser doutro xeito a estas variacións que limitan ou favorecen o seu crecemento, atopándonos coas mellores producións de pasto no noroeste e cultivos de carácter mais leñoso cando nos acercamos cara o sur (Viñedo) a non ser que haxa dispoñibilidade de auga (a pataca da Limia). Todo elo afectado polas serras envellecidas que modifican o clima a medida que ascendemos en altitude. A falta de previsión do tempo en Galicia dificultou sempre enormemente a xestión dos cultivos agrícolas onde non existen “anos normais”, e verase aínda mais dificultada polo feito contrastado da presenza do cambio climático. O cambio climático é consecuencia das emisións de gases de efecto invernadoiro fundamentalmente asociado ao emprego de enerxías non renovables (o petróleo) que liberan o CO₂ absorbido polas plantas fai millóns de anos nas eras xeolóxicas do Cenozoico, Paleozoico, Mesozoico e Precambiano cara a atmósfera na actualidade.

En Galicia, atendendo ás predicións do Panel Intergubernamental do Cambio climático (IPCC), vai chover mais, pero desafortunadamente os períodos de seca van a ser máis prolongados. Isto quere dicir que teremos períodos de elevadas precipitacións cun elevadísimo exceso de auga xunto a períodos de seca de maior duración e que afectará sobre todo a aparición de secas temperás nos meses de abril e maio que poden chegar a unirse, nalgúns anos, as secas de verán cun gran impacto tanto nos cultivos como na forma de manexar os mesmos.

A realidade a que nos afrontamos está tendo consecuencias importantes como por exemplo a aparición da tinta do castiñeiro a altitudes nas que estes árbores non se vían afectados por estar por riba dos 600 m sobre o nivel do mar. Tamén na migración de especies atopadas mais o sur de Galicia cara o norte, como por exemplo as oliveiras, as sobreiras ou os loureiros e variedades de especies pratenses mais adaptadas ao sur que se mudan cara ó norte. E tamén económicas según as previsións do IFPRI (2009) esperábanse subidas no precio do milloentre un 52 e un 55% e no caso do trigo preto do 100%.



Impactos e Estratexias ante o Cambio Climático en Galicia

O IPCC establece unha serie de medidas para que os estados membros, asinantes do protocolo de Kyoto e a súa emenda de Doha mitiguen o cambio climático. A mitigación persegue reducir os gases de efecto invernadoiro, fundamentalmente o metano, o óxido nítrico e o monóxido de carbono ou CO₂ pero tamén retiralo da atmosfera a través do seu secuestro. E por eso que nos últimos tempos estamos observando políticas encamiñadas a redución de emisións como son o fomento do transporte público ou a mellora do illamento das vivendas. Sen embargo, reducir as emisións non é suficiente hai que compensalas por mor de acadar a neutralidade climática no que a agricultura pode xogar tamén un importante papel como é o caso da iniciativa 4 por mil, na

que o solo e a súa capacidade de secuestrar carbono terá unha gran relevancia. Esta iniciativa, aprobada no cumio de París, dí que si incrementamos nun 4 por mil ou 0,4% a cantidade de carbono nos solos de todo o mundo compensaríamos as emisións dos gases de efecto invernadoiro. Tamén votar unha ollada hacia mecanismos de secuestro de carbono practicados polos nosos antepasados como é a substitución de fertilizantes inorgánicos por orgánicos ou o emprego das troleiras é de gran interese.

AF4EU impulsa a agroforestría en Europa mediante a promoción de boas prácticas, o desenvolvemento de ferramentas dixitais e o apoio aos agricultores na adopción de sistemas sostibles.

Máis información!



www.af4eu.eu



responsables deles.

Este proxecto recibiu financiamento do programa de investigación e innovación Horizon Europe da Unión Europea baixo o acordo de subvención nº GA 101086563. As opinións e puntos de vista expresados son, con todo, exclusivamente dos autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea. Nin a Unión Europea nin a autoridade que concede a subvención poden ser considerados